



ACTA DO TRIBUNAL NO DESENVOLVEMENTO DA OPOSICION LIBRE PARA NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA : UNHA PRAZA DE TECNICO DE XESTION DO CONCELLO DE ALFOZ OEP 2025 (CON FORMACIÓN DE BOLSA DE CHAMAMENTO).

Expediente núm.: 265/2025

Asunto: Convocatoria e probas de selección de funcionario de carreira , Técnico de Xestión , a través do sistema de oposición libre , para prestar servizos no Concello de Alfoz (e formación de bolsa de chamamento) aprobadas en Resolución de Alcaldía de data 09 de xuño de 2025 e publicadas no BOP de Lugo número 137 de data 17 de xuño de 2025.

Acta da sesión EXTRAORDINARIA DE REVISION DE ALEGACION PRIMEIRO EXERCICIO

Día e hora da reunión: 24 de outubro de 2025 , ás 10:00 horas.

Lugar de celebración: Casa Concello, Salón de Sesións.

Orde do día: Resolución alegación presentada contra listaxe provisional de cualificacións da primeira proba da fase de oposición.

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DESENVOLVEMENTO DO PRIMEIRO EXERCICIO

Alfoz, 24 de outubro de 2025.

Reunidos na Casa Consistorial do Concello de Alfoz, ás 10:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que son:

PRESIDENTA: Dona María Ángeles Rivas Vázquez , funcionaria de carreira, xefa da sección de contabilidade e contas da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

- Dona Tatiana Barreira Chao, funcionaria de carreira, Educadora Familiar do Concello de Alfoz.
- Dona María Sofía Sanmartín Novoa, funcionaria de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria Interventora do Concello de Alfoz.
- Dona Begoña Teijeiro Campo, funcionaria de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria interventora do concello de Barreiros,

SECRETARIA: Dona Mirta García Cao, funcionaria de carreira, auxiliar administrativa do Concello de Alfoz.

Todos os membros asistentes actúan no seu propio nome a título individual, sen representar a entidade algunha.

De conformidade co indicado na base 8.1.1 e respecto da primeira das probas eliminatorias(tipo test): *Os candidatos que non acaden 30 puntos quedarán eliminados, e xa non realizarán o segundo exercicio. Logo da realización do exercicio publicarase no taboleiro de anuncios da páxina web do concello o cadro de respostas*



CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concelloalfoz.com

correctas. Así mesmo publicarase a acta do tribunal coa puntuación obtida por cada aspirante outorgando dous días hábiles a efectos de presentación de alegacións.

En data 20 de outubro de 2025 foi publicado na páxina web do Concello, no Taboeiro de Anuncios da Sede electrónica municipal e no Taboeiro físico de anuncios da Casa Consistorial tanto o exame coas respostas correctas xunto coa plantilla de corrección así como a cualificación provisional do primeiro exercicio, que resulta:

CODIGO	Nº RESPOSTAS CORRECTAS	Nº RESPOSTAS INCORRECTAS	NºRESPOSTAS BLANCO OU NULAS	Puntos TOTAIS	Apto/ non apto
RM22AFF	16	24	20	13	NON APTO
9DDWBV	16	42	2	10,75	NON APTO
SLFL16Q	33	25	2	29,875	NON APTO
ACLX13Q	28	11	21	26,625	NON APTO
RMS24W	55	5	0	54,375	APTO
BCRD17S	41	13	6	39,375	APTO
GVE14NC	46	9	5	44,875	APTO
BRE15LE	17	12	31	15,50	NON APTO
KSHH21Z	32	22	6	29,25	NON APTO
X10ÑDD	45	4	11	44,50	APTO
BXY19DE	26	34	0	21,75	NON APTO
12JXMM	30	10	20	28,75	NON APTO
MCID18T	28	19	13	25,625	NON APTO

En data 22 de outubro de 2025 (2025-E-RE-1023) se formula por ALICIA FERNANDEZ PUMARES (***9579**), que figura como asistente á celebración da proba (número de orde de chamamento 17), alegación que literalmente di:



Segundo.- Que, tras análise detallada da corrección publicada, detectouse un erro na resposta atribuída como correcta á pregunta número 59, referida á Lei Xeral de Subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro), que dicía:

Pregunta 59: De acordo con la LGS, ¿qué sucede si un beneficiario presenta una justificación fuera de plazo, pero dentro del período adicional permitido?

- A) No recibe sanción alguna.*
- B) Se considera como justificada.*
- C) Se tipifica como infracción leve.*
- D) La subvención es automáticamente revocada.*

O tribunal estableceu como correcta a opción C), o que resulta xuridicamente incorrecto, como se fundamenta a continuación.

Terceiro.- A pregunta indica expresamente que a xustificación se presenta "fóra de prazo, pero dentro do período adicional permitido", é dicir, dentro dunha ampliación legal do prazo, e non como consecuencia dun requirimento posterior por incumprimento.

Neste sentido, o artigo 70 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establece:

Art. 70.1. "O órgano concedente da subvención poderá outorgar, cando as circunstancias o xustifiquen, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación [...]."

Art. 70.3. "Transcorrido o prazo establecido sen xustificación, o órgano concedente requirirá ao beneficiario para que a presente nun prazo improrrogable de quince días. A falta de presentación traerá consigo o reintegro e demais responsabilidades. A presentación no prazo adicional non eximirá de sancións."

Cuarto.- Deben diferenciarse claramente dous supostos regulados neste artigo:

** Suposto do artigo 70.1: cando o órgano concede ampliación previa do prazo, a xustificación presentada dentro dese novo prazo considérase en prazo, sen que derive sanción ningunha.*



➤ Neste caso, a resposta correcta sería a opción B) "Se considera como justificada".

* Suposto do artigo 70.3: cando o beneficiario non presenta a xustificación dentro do prazo inicial nin dentro da ampliación, e o órgano concede un prazo adicional por requirimento, a presentación nese prazo non exime de sancións, podendo ser infracción leve (art. 56.a da LXS).

➤ A resposta C) só sería válida neste segundo contexto, non no primeiro.

Quinto.- A pregunta 59 non fai referencia algunha, ao suposto do artigo 70.3, senón que menciona, expresamente que a xustificación se realiza "dentro del período adicional permitido", o cal se corresponde co suposto do artigo 70.1. Por tanto, a resposta correcta é a opción B), posto que:

* Non se incumpre prazo, senón que se actúa dentro da ampliación legalmente concedida.

* Non existe infracción nin sanción

* A resposta C) resulta aplicable unicamente ao caso do artigo 70.3, que non é o descrito na pregunta "

Por todo o exposto, SOLICITA: 1. Que se admita a presente impugnación da pregunta número 59 do exame tipo test celebrado o 20 de outubro de 2025. 2. Que se revise a corrección atribuída e se recoñeza como resposta correcta a opción B) "Se considera como justificada", conforme ao artigo 70.1 do Real Decreto 887/2006. 3. Que, de proceder, se revise e actualice a puntuación de todos os aspirantes e a súa posición na listaxe provisional .

Analizada a alegación formulada , o Tribunal atende a :

1º. O artigo 56.4 d) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións regula:

Artículo 56. Infracciones leves.

Constituyen infracciones leves los incumplimientos de las obligaciones recogidas en esta ley y en las bases reguladoras de subvenciones cuando no constituyan infracciones graves o muy graves y no operen como elemento de graduación de la sanción. En particular, constituyen infracciones leves las siguientes conductas:

a) La presentación fuera de plazo de las cuentas justificativas de la aplicación dada a los fondos percibidos.

2º. No tocante ao prazo de rendición da conta xustificativas, éste verá determinado polas bases reguladoras da subvención, e a falta de previsión nestas, será como



máximo no prazo de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade.(artigo 30 LGS) . Segundo o apartado 8 do citado artigo, o incumprimento da xustificación da subvención nos termos establecidos neste capítulo ou a xustificación insuficiente da mesma levará aparelado o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 desa Lei.

3º. O artigo 70 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións di :

Artículo 70.Ampliación del plazo de justificación

1. El órgano concedente de la subvención podrá otorgar, salvo precepto en contra contenido en las bases reguladoras, una **ampliación** del plazo establecido para la presentación de la justificación, que no exceda de la mitad de mismo y siempre que con ello no se perjudiquen derechos de tercero.

2. Las condiciones y el procedimiento para la concesión de la ampliación son los establecidos en el artículo 49 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

3. Transcurrido el plazo establecido de justificación sin haberse presentado la misma ante el órgano administrativo competente, éste requerirá al beneficiario para que en el plazo improrrogable de quince días sea presentada a los efectos previstos en este Capítulo. La falta de presentación de la justificación en el plazo establecido en este apartado llevará consigo la exigencia del reintegro y demás responsabilidades establecidas en la Ley General de Subvenciones. La presentación de la justificación en el **plazo adicional establecido en este apartado** no eximirá al beneficiario de las sanciones que, conforme a la Ley General de Subvenciones, correspondan.

O citado artigo, pois, distingue:

1º. Apartado 70.1.: Un prazo AMPLIADO, que é facultade potestativa da Administración (" poderá") e que debe seguir a regulación prevista na Lei de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, entendendo que a referencia á derogada Lei 30/1992 debe ser á vixente Lei 39/2015 , artigo 32.

2º. Apartado 70.3: Un prazo ADICIONAL, que opera ex lege, e que obriga á Administración a requerir ao beneficiario para que en quince días hábiles improrrogables presente a conta xustificativa.

A maiores, se entende que se pode distinguir un tercer período, que sería o comprendido entre os items temporais : fin do prazo establecido de xustificación e o acordo de requerimento en prazo adicional.

Sexa como fora , e volvendo á formulación da pregunta impugnada , de forma expresa no enunciado se menciona o suposto de conta xustificativa presentada fora de prazo PERO DENTRO DO PRAZO ADICIONAL PERMITIDO .. Nótese a coincidencia absoluta do término " adicional" no texto da pregunta obxecto de impugnación e o texto do artigo 70.3 do Regulamento da LGS.



A alegante di que a pregunta non fai referencia ao suposto 70.3 senón que “ dentro do periodo adicional permitido “ se corresponde co artigo 70.1, confundindo, a xuízo deste Tribunal , prazo ampliado e prazo adicional , polo que a alegación non debe ser estimada.

A maiores , se entende que a alegante pode confundir a palabra “ permitido” como si fora prazo concedido pola Administración, o que lle leva a supor que se está en prazo ampliado. Non existe esa identificación. Cando na pregunta úsase a palabra “ permitido” refírese ao prazo adicional contemplado (= permitido) na lei.

Á vista do exposto, este Tribunal, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR a alegación presentada por Dona Alicia Fernández Pumares contra a pregunta número 59 das do primeiro exercicio tipo test no proceso de selección e cobertura de praza de Técnico de Xestión de carreira , en base aos fundamentos expostos.

SEGUNDO.- CONFIRMAR as cualificacións do primeiro dos exercicios da oposición (tipo test) valoradas en sesión de 20 de outubro de 2025, que se entenden DEFINITIVAS:

CODIGO	Nº RESPOSTAS CORRECTAS	Nº RESPOSTAS INCORRECTAS	Nº RESPOSTAS BLANCO OU NULAS	Puntos TOTAIS	Apto/ non apto
RM22AFF	16	24	20	13	NON APTO
9DDWBV	16	42	2	10,75	NON APTO
SLFL16Q	33	25	2	29,875	NON APTO
ACLX13Q	28	11	21	26,625	NON APTO
RMS24W	55	5	0	54,375	APTO
BCRD17S	41	13	6	39,375	APTO
GVE14NC	46	9	5	44,875	APTO
BRE15LE	17	12	31	15,50	NON APTO
KSHH21Z	32	22	6	29,25	NON APTO
X10ÑDD	45	4	11	44,50	APTO



CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

BXY19DE	26	34	0	21,75	NON APTO
12JXMM	30	10	20	28,75	NON APTO
MCID18T	28	19	13	25,625	NON APTO

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes que obtiveron a condición de APTO no primeiro exercicio para a celebración do segundo exercicio da fase oposición no **Salón de Sesións da Casa Consistorial** a celebrar o **MERCORES DIA 29 DE OUTUBRO DE 2025**, ás 09:30 horas.

A Presidente dá por terminada a reunión ás 10:45 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a acta que someto á sinatura da Presidenta e Vogais presentes; dou fe.

Alfoz, 24 de outubro de 2025.

Sinaturas,

Presidenta

Vogais

Secretaria

